

Información

- © Terán preferencia os nenos e nenas empadroadas no Concello da Coruña.
- © A Concellaría de Xustiza Social e Coidados poderá reservar o 20 % das prazas ofertadas nos campamentos a persoas beneficiarias de programas sociais.
- © A preinscrición presentárase soamente no centro cívico no que se quere realizar o campamento.
- © Un mesmo menor pode solicitar ata tres quendas de campamento urbán, no mesmo centro cívico ou en centros cívicos diferentes.
- © No caso de que se soliciten as tres quendas posibles en centros cívicos diferentes, as quendas solicitadas non poden coincidir.
- © No caso de detectarse varias preinscricións para un mesmo menor nas mesmas quendas anularánselle todas.
- © No momento no que se entregue a preinscrición, asignaráselle un número que será o número para o sorteo. Os nenos e nenas que soliciten praza de NEE terán unha numeración e un sorteo propio.
- © Se un/unha menor resulta admitido/a e ten irmáns ou irmás cun número correlativo de preinscrición, ben sexa anterior ou posterior, todos obterán praza.
- © Ofértanse prazas para nenos e nenas con necesidades educativas especiais (NEE) ou discapacidade, en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo. As prazas serán repartidas entre as catro quendas. Contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter hixiénico ou sanitario.
- © A preinscrición dos/das menores que soliciten praza de NEE acompañarase dunha ficha de coñecemento persoal, que se facilitará no centro cívico. Esta ficha permitirá ao monitorado coñecer e planificar os apoios necesarios para unha correcta atención do/da menor.

- © Unha vez formalizada a inscrición, non se terá dereito á devolución do custo do campamento excepto por causas imputables ao prestador do servizo.
- © A inscrición supón a aceptación e o estrito cumprimento do horario do campamento no que se inscribiu. O feito de non cumprilo poderá supoñer a perda da praza.
- © Para o horario ampliado a entrada é ás 9.00 h e a saída é as 14.30 h. No caso de ter horario ampliado, non estará permitido entrar no campamento máis tarde das 9.10 h.
- © Nas dúas modalidades de horario, requirirase un mínimo de participantes para formalizar grupo.
- © Os menores que figuren na listaxe de reservas, no caso de resultar admitidos/as, serán avisados telefonicamente.

Recomendacións

- © Non traer aos campamentos aparellos electrónicos, videoconsolas, móbiles, etc.
- © Levar auga e un refrixerio (froita, iogur, bocadillo...) para tomar a media mañá.
- © Levar roupa e calzado cómodo, unha gorra e crema de protección solar por si se realizan actividades no exterior.
- © Non levar cartos ou obxectos de valor, pois a organización non se fai responsable das perdas ou rompeduras que poidan producirse durante o campamento.
- © É aconsellable que non asistan aos campamentos participantes con enfermidades contaxiosas ou que presenten síntomas como: febre, vómitos, diarrea, chagas ou aftas na boca, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións ou alteracións atípicas na pel ou no caso de ter piollos ou lendias.

CAMPAMENTOS URBANOS MUNICIPAIS 2019



Para nenos e nenas nados do
01/01/2007 ao 31/12/2015



CORUÑA
PRÓXIMA

CONCELLARÍA DE XUSTIZA SOCIAL E COIDADOS

Preinscrición

DATOS DA NENA OU DO NENO

Nome _____

Data de nacemento _____

Empadroador/a no Concello da Coruña _____

Domicilio _____

Teléfonos _____//_____

DATOS DA NAI/PAI, OU TITOR/A LEGAL

Don/Dona _____, con

DNI _____ preinscribe á/ao

menor segundo a seguinte orde de preferencia:

QUENDA

1ª opción	
2ª opción	
3ª opción	

• Horario ampliado (si/non) _____

• Praza para menores con necesidades educativas especiais (NEE) ou discapacidade (si/non)

Número
Solicitud
Xeral

Número
Solicitud
NEE

Co fin de cumprir co artigo 5 da Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos proporcionados pasarán a formar parte dun ficheiro, do cal será responsable o Concello da Coruña e cuxa finalidade é a de xestionar os campamentos urbanos realizados pola Concellaría de Xustiza Social e Coidados

A persoa que asina declara que son certos todos os datos contidos na presente solicitude e autoriza ao Concello da Coruña a comprobar a veracidade dos datos facilitados. A falsidade ou ocultación de datos, conlevará a anulación da solicitude e a retirada dos dereitos que se obtivesen.

Asinado:

A Coruña, a _____ de maio do 2019

Urbanos 2019

Nos campamentos realizaránse actividades lúdicas, xogos cooperativos, produción plásticas, etc. En todas as xornadas adicarase unha hora á práctica da lingua inglesa. Haberá unha excursión en cada quenda (de 10.00 a 18:00h aprox), agás nas quendas 1 e 6.

QUENDAS (non habera campamentos os fins de semana nin festivos)

- ⊙ Quenda 1: do 25 ao 28 de xuño
- ⊙ Quenda 2: do 1 ao 12 de xullo
- ⊙ Quenda 3: do 15 ao 31 de xullo
- ⊙ Quenda 4: do 1 ao 16 de agosto
- ⊙ Quenda 5: do 19 ao 30 de agosto
- ⊙ Quenda 6: do 2 ao 6 de setembro

OFERTA DE CAMPAMENTOS

⊙ **Centros cívicos que ofertan todas as quendas con posibilidade de horario ampliado:**

Castrillón, Cidade Vella, Eirís, Elviña, Labañou, Os malletos, Mesoiro, Monelos, Monte Alto, Novoboandanza, Palavea, Rosales e San Diego.

⊙ **Centros cívicos onde se ofertan só a quenda 2 e a quenda 3:**

A Silva, Artesáns, Sta. Margarida, Sagrada Familia, Santa Lucía, Pescadores, Feans e San Pedro de Visma

HORARIO

- ⊙ **HORARIO XERAL:** de 10:00 a 14:00H
- ⊙ **HORARIO AMPLIADO:** de 9:00 a 14:30H, **só nos centros cívicos onde se ofertan todas as quendas.**

CUSTO

- ⊙ **QUENDAS 1 e 6:** Horario normal: 15€ e horario ampliado: 20€
- ⊙ **QUENDAS 2, 3, 4 e 5:** Horario normal: 26€ e horario ampliado: 32€

Datos importantes

PREINSCRICIÓN

No centro cívico onde se desexe solicitar a praza, os días **4, 6 e 7 de maio**, no horario de 11.00 a 13.30 e de 17:00 a 20:00 h.

SORTEO PÚBLICO

En cada centro cívico o **7 de maio** as 20.15 h. O sorteo das prazas de NEE e discapacidade realizarase no centro cívico de Labañou.

LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E DE RESERVAS

30 de maio nos centros cívicos, no Teléfono 010 e na web municipal www.coruna.gal/serviciosociais

INSCRICIÓN

Días **6, 7 e 8 de xuño**.

Para formalizar a inscrición no centro cívico onde se obtivo a praza será necesario:

- Aboar o custo do campamento urbano
- Achegar unha fotocopia da tarxeta sanitaria do/da menor e asinar as autorizacións correspondentes

RESGARDO DE PREINSCRICIÓN

_____ preinscribiuse nos campamentos urbanos, na seguinte orde de preferencia

OPCIÓN

QUENDA

1ª	
2ª	
3ª	

Número
Solicitud
Xeral

Número
Solicitud
NEE